

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE AMES NO EXERCICIO 2023.

Datos do programa:

Concellaría	Cultura
Anualidade	2023
Denominación	Subvencións para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Ames no exercicio 2023.
Beneficiarios	Asociacións culturais ou veciñais que realicen actividades de índole cultural existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións.
Aplicación orzamentaria	3341.489.14
Importe da convocatoria	30.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo de 7.500,00 €
Coeficiente de financiamento	Máximo do 80%

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover actividades das asociacións culturais do Concello de Ames, que se desenvolvan durante o exercicio 2023, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme a disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento, así como no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Cultura propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU DE PRIMEIRO NIVEL.

- Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.
- Promover a existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
- Fomentar a participación activa da veciñanza nunha actividade -a cultura- de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS OU DE SEGUNDO NIVEL.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación ou obxectivos de segundo nivel:

- Promover a participación da veciñanza na vida das entidades culturais, ao primar o número de socios e socias activos.
- Promover o autofinanciamento das entidades, primando a aquelas que acheguen unha maior porcentaxe de fondos propios ao desenvolvemento das actividades.
- Promover a complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría, primando aqueles proxectos que, de non se desenvolver polas asociacións, serían susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.
- Poner a disposición do Concello información completa e actualizada das asociacións sen ánimo de lucro do municipio, co fin de promover unha relación fluída con estas, e posibilitar o deseño de políticas eficaces que permitan dinamizar a actividade particular en materia de cultura que resulte complementaria coas competencias atribuídas ao Concello neste ámbito.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ames está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
- Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006, BOP núm. 198 do 29 de agosto de 2006.

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a **promover actividades das asociacións culturais do Concello de Ames, que se desenvolveron durante o exercicio 2023.**

BASE 4.- FINANCIAMENTO

O importe da consignación ascende a un total de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3341.489.14 do orzamento ordinario para 2023.

O importe individual das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 7.500 euros nin o 80% do proxecto subvencionable.

BASE 5.- BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais ou veciñais que realicen actividades de índole cultural existentes no Concello de Ames que cumpran tanto os requisitos xerais como os específicos da convocatoria que se sinalan a continuación:

5.1. Requisitos xerais

Os beneficiarios/as de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- a) Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.
- c) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvencións anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga

5.2. Requisitos específicos da convocatoria

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións culturais ou veciñais que cumpran os seguintes requisitos :específicos

- a) Estar legalmente constituídas
- b) Realizar actividades de índole cultural no Concello de Ames
- c) Figurar inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Será requisito indispensable que os datos da inscrición da asociación estean debidamente actualizados no momento de solicitar a subvención.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

6.1. Gastos subvencionables

Poderán ser subvencionados, ata un máximo do 80% do orzamento total, as actividades de índole cultural desenvolvidas polos suxeitos indicados na Base 5, así como a adquisición de material inventariable.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 8 de novembro da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da

prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á convocatoria da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

6.2. Gastos non subvencionables

- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación, sen considerar como tales as festas de exaltación gastronómica.
- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente cultural.
- A realización de obras.
- O alugueiro dos locais utilizados para o desenvolvemento das actividades.
- Os gastos correntes (facturas de luz, teléfono, intereses contas bancarias...)

6.3. Ámbito temporal

Os gastos para os que se solicite a subvención municipal **deberán executarse dentro do exercicio 2023.**

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓNS

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das axudas non supere o custo da actividade ou o investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta subvención non poderán acollerse a outras convocatorias do Concello de Ames.

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de 30 DIAS NATURAIS a contar desde o día seguinte ao da publicación do estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.

As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentarase na sede electrónica do Concello de Ames

(<https://sede.concellodeames.gal/GDCarpetaCiudadano/welcome.do>) mediante os modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames .

8.4. Documentación

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

ANEXO 1	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Xunto con este anexo, <u>os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:</u> <ul style="list-style-type: none">• Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención.• Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
ANEXO 2	DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA QUE OSTENTA A REPRESENTACIÓN LEGAL DA ENTIDADE.

As solicitudes das asociacións deberá presentalas o/a presidente/a, e a persoa que ocupe ese cargo deberá constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.

Deberá presentarse solicitude para cada ocasión ou exercicio no que se pretenda obter unha axuda. O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

9.1. Compromisos e obrigas xerais

As entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/as actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para a que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación /publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- e) Proporcionar ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos do seguimento, avaliación e planificación, así coma facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- f) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento de ditas circunstancias e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos

fondos percibidos.

- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- j) Empregar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- k) Cando as actividades afecten a menores de idade o persoal ao que corresponda a realización das mesmas cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

9.2. Compromisos e obrigas específicos desta convocatoria

- a) **Difusión do carácter público do financiamento.** Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, unha vez comunicada a resolución da concesión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

En particular, **deberá figurar a imaxe institucional do Concello nos carteis que se empreguen para a difusión das actividades culturais, así como nas redes sociais que se empreguen tanto para a súa difusión previa como unha vez realizadas as actividades.**

BASE 10.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

10.1. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Cultura, que terá o carácter de órgano instrutor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.
2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:
 - Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
 - Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e

prioridades de valoración establecidos en esta base.

- Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolucións que deberá ser ditadas nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

- O órgano instrutor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta convocatoria.
- O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora

- A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a:	- A persoa titular da Alcaldía
Vogais	- A persoa titular da Concellería delegada da Área de Cultura - A/o animador/a cultural, que actuará igualmente como secretario/a.

- A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

10.3 Criterios de valoración das solicitudes

A selección das peticións e contía das subvencións determinarase despois da consideración dos gastos que se vaian realizar, de acordo co seguinte baremo:

	DESCRICIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Número de socios e socias activos/as da entidade.	20 puntos
2	Coefficiente de financiamento derivado da solicitude.	35 puntos
3	Orzamento da actividade.	15 puntos
4	Promoción da lingua galega	10 puntos
TOTAL		80 puntos

En relación aos criterios de valoración 1, 2 e 3 do baremo, os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

1. Número de socios e socias activos/as da entidade:

Socios/as	0-25	26-50	51-75	+ 75
Puntos	5 puntos	10	15	20

2. Coeficiente de financiamento:

Coeficiente (%)	0-35 %	36-50%	51-60 %	61-70%	71-80%
Puntos	35 puntos	30	25	20	15

3. Orzamento da actividade:

Orzamento (€)	5000 € ou máis	Entre 4.999,99 e 2000 €	1.999,99 € ou menos
Puntos	15 puntos	14	13

4. Promoción da lingua galega:

Valorarase o uso da lingua galega na difusión (cartelaría, páxina web, redes sociais ...) e no desenvolvemento das actividades, actos ou eventos da entidade. Para iso achegarase todo o material gráfico que acredite o uso da lingua galega.

Quedarán fora da convocatoria aquelas solicitudes que non obteñan un mínimo de 20 puntos.

10.4 Determinación do importe da subvención concedida

Coeficiente de financiamento

Como máximo subvencionarase o 80 % do orzamento subvencionable.

O **coeficiente de financiamento (CF)** é o cociente existente entre a subvención concedida e o orzamento subvencionado, expresado en porcentaxe.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto total a que ascenda a actividade para a que se pretenda a subvención, segundo conste na solicitude formulada pola entidade interesada.

$$CF (\%) = \frac{\text{Importe da subvención concedida}}{\text{Importe total do orzamento subvencionado da actividade}}$$

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustificado, co fin de determinar o importe final da subvención que lle vaia corresponder á entidade beneficiaria.

En consecuencia, para percibir o importe íntegro da subvención concedida, a entidade beneficiaria deberá xustificar, como mínimo, un gasto polo importe total do proxecto presentado. Realizarase a correspondente minoración no caso de non xustificarse na súa totalidade.

Contía individualizada

Para determinar o importe da subvención concedida establécese unha equivalencia entre os puntos obtidos na fase de valoración e o coeficiente de financiamento que a subvención municipal representa sobre o orzamento subvencionado, cun máximo dun 80%.

Puntuación total obtida = CF (%)

Subvención inicial proposta = Orzamento total * CF
--

En caso de que a suma das subvencións distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 4, todas as subvencións determinadas segundo o anterior reparto experimentarán a correspondente redución proporcional ata axustárense a dito importe máximo.

$$\% \text{ de redución} = \frac{\text{Importe total proposto a conceder (€)} - 30.000 \text{ €}}{\text{Importe total proposto a conceder (€)}}$$

A porcentaxe de redución expresarase en dous decimais.

En caso de que a suma das subvencións distribuídas de acordo co indicado neste punto non supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 4, todas as subvencións determinadas segundo o anterior reparto experimentarán o correspondente incremento proporcional ata axustárense ao importe máximo.

$$\% \text{ de incremento} = \frac{\text{Importe sobrante}}{\text{Importe total proposto a conceder (€)}}$$

A contía da subvención non poderá superar, en ningún caso, o importe solicitado, nin o 80 % do orzamento declarado polo/a solicitante nin o importe máximo sinalado na base 4 (7.500,00 €).

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo/a beneficiario/a.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución de concesión deberá conter a relación das solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresarán en relación con cada unha delas o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitan a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de DOUS MESES desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de DEZ (10) DIAS NATURAIS seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

11.1. Importe a xustificar

O importe a xustificar será igual ao do proxecto presentado para a actividade subvencionada.

11.2. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación finalizará o **31 de xaneiro de 2024**.

Este prazo poderá ser ampliado ata o 31 de marzo de 2024, como máximo, previa solicitude da persoa interesada presentada antes do 31 de decembro de 2023. O prazo tamén poderá ampliarse previa proposta razoada da unidade xestora.

11.3. Documentación xustificativa

A obriga de xustificar a subvención concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO III destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada de gastos con identificación do acredor, o concepto de gasto, o seu importe, nº de factura, data de emisión e data de pagamento. Deberán achegarse os orixinais das facturas ou xustificantes do gasto que deberán ir acompañados da documentación acreditativa do pago. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data do mesmo.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. **É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.**

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcadoiro, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150€.

Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos estampillaranse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención **ais. Nestes documentos o/a beneficiario/a estampará antes da súa presentación electrónica a seguinte mención “factura empregada para xustificar unha subvención ante o Concello de Ames na convocatoria de subvencións a asociacións culturais 2023” e indicando o importe afectado pola subvención.** Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampilla correspondente.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan

establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:
 - orixinal dos contratos de traballo.
 - Orixinal das nóminas aboadas e os boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).
4. Material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na base 9.2.b).

A documentación relativa á xustificación presentarase no rexistro electrónico do Concello. A persoa representante ou presidente/a da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se axunten na sede electrónica son orixinais.

11.4. Tramitación da xustificación

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráse desistido do procedemento, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada ao/á interesado/a.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- no caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado (é dicir, ao gasto da actividade, segundo figure na solicitude da subvención), aboarase a totalidade da subvención.
- no caso de que se xustifique gasto inferior ao 100 por 100, pero superior ou igual ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.
- o caso de que se xustifique gasto inferior ao 30 por 100 do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador nas normas de xeral aplicación.

Completada a documentación e emitido o informe proposta favorable ao pagamento, no que se concrete o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar ao/á beneficiario/a, o expediente será

remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

11.5. Xustificación extemporánea

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases, ou o de prórroga concedido conforme ás mesmas, sen que o/a beneficiario/a presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.6. Pagamento

O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase, con carácter xeral, nun pago único.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/a beneficiario/a de que non se procederá ao pagamento e concederáse un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No caso de **incumprimento dos prazos de xustificación**, se a dilación no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIONS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, ca exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Ames no exercicio 2023, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIONES CULTURAIS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2023.

ANEXO 1

SOLICITUDE DE SUBVENCION

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- Descrición detallada da actividade para a que se solicita a subvención.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Deputación e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao concello á comprobación.

DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Actuando en representación de (**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**):

Nome da entidade	
CIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono de contacto	
Nome do secretario/a	
Enderezo electrónico	

Tendo coñecemento da liña de subvencións convocada polo Concello de Ames para a promoción da actividades realizadas por asociacións culturais durante exercicio 2023, SOLICITO ao abeiro desta convocatoria a concesión dunha subvención para a realización das actividades indicadas a continuación:

Nota.- Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, o exercicio no que se realizou a actividade que deberá ser o 2023, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar coa mesma, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude.

--

--

OBXECTIVOS DO PROXECTO PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

1.	
2.	
3.	

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS

Descrición do gasto	Contía da subvención solicitada	Outras subvencións	Financiamento propio da entidade e outros recursos	CONTÍA TOTAL
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
8.				
TOTALS				

SUBVENCIÓNS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE

Descrición	Importe
TOTAL	
Financiamento propio da entidade e outros recursos	Importe
TOTAL	

Ames, _____ de _____ de 2023
O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIONES CULTURAIS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2023.

ANEXO 2

DECLARACION RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociacion)	
NIF	

Actuando en representacion de (datos da entidade solicitante):

Nome da Entidade	
CIF	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo comun das administracions publicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencions.

En relacion ao proxecto para o que se ten solicitado unha subvencion do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACION RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min esta ao corrente das suas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non esta incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstaculo legal para o seu acceso a condicion de beneficiaria dunha subvencion ao abeiro da presente convocatoria, comprometendose a manter esta situacion ate a completa resolucion do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso a condicion de beneficiario/a dunha subvencion publica.
- Que non obstante o anterior, para a tramitacion desta solicitude:

AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaracion tanto na Axencia Estatal da Administracion Tributaria como na Tesoureria Xeral da Seguridade Social.

NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaracion tanto na Axencia Estatal da Administracion Tributaria como na Tesoureria Xeral da Seguridade Social.

No caso de opoñerse a comprobacion debera achegar a documentacion necesaria para a xestion do tramite.

- Que a entidade representada por min se somete as actuacións de comprobacion e a achega da documentacion que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións as que se dedica a subvencion, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Ames, _____ de _____ de 202_

O/a Presidente/a da Entidade

Informacion relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de caracter persoal que poidan constar no expediente e o Concello de Ames. Os datos seran tratados coa finalidade especifica das subvencions destinadas a promocion de actividades levadas a cabo por asociacions culturais do Concello de Ames, que se contan nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulacion establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre proteccion de datos de caracter persoal, pola Lei organica 3/2018, de 5 de decembro, de proteccion de datos persoais e garantia dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicacion.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimacion do tratamento esta baseada nunha obriga legal e no interese publico. O prazo de conservacion dos datos dependera do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente seran obxecto de cesion, no seu caso, previo consentimento da persoa

interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO
POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO AMES NO EXERCICIO 2023****ANEXO 3****CONTA XUSTIFICATIVA****DATOS DO PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude (Presidente/a da entidade)	
NIF	
Enderezo	
Municipio	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

DATOS DA ENTIDADE

Nome da Entidade	
CIF	

DECLARO:

- Que foron efectuadas as actividades financiadas con cargo á subvención concedida polo Concello de Ames para a promoción de actividades realizadas por asociacións culturais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2023, e que se acadaron os obxectivos propostos.
- Que os documentos presentados xunto coa conta xustificativa son orixinais polo que se responde da súa veracidade.
- Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS

Expedidor da factura (CIF)	Nº factura	Data factura	Data pago	Concepto	Importe

TOTAL GASTOS					

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE

A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames

A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames:

Subvencións:

<i>Administración concedente</i>	<i>Importe</i>
<i>Concello de Ames</i>	
Total	

Outros ingresos que financiaron a actividade:

<i>Tipo de ingreso</i>	<i>Importe</i>
Total	

Ames, ____ de _____ de 202_

O/a Presidente/a da Entidade

Información relativa ao tratamento de datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.